

PROXECTO

Sentir a Carrilana

≡CARRILANAS ESTEIRO≡



www.carrilanasesteiro.gal

Proxecto Sentir a Carrilana

O proxecto “**Sentir a Carrilana**” pretende crear unha experiencia familiar inclusiva, para nenos e nenas con deficiencia visual, que sentirán a sensación única de pilotar unha carrilana de madeira.



Carrilana estilo sidecar, base do proxecto.

OS DATOS:

-XXXIII Gran Prix de Carrilanas de Esteiro.

-Festa de Interese Turístico de Galicia.

-Organizan:

A.D.C. Esteirana de Carrilanas (asociación sen ánimo de lucro).

Concello de Muros.

-Subvencionan:

Deputación de A Coruña.

Xunta de Galicia.

17,18,19 xullo de 2020. Programación #DeBalde

ÍNDICE

O Gran Prix de Carrilanas	1
Cartel do Gran Prix de Carrilanas	2
Categorías de Carrilanas	3
Espazo Infantil	5
Desenrolo do Proxecto	6

O Gran Prix de Carrilanas

O Gran Prix de Carrilanas de Esteiro, nace no ano 1988 como unha alternativa de ocio para a fin da semana das festas patronais do pobo. A Carrilana, icono dos xogos populares da cultura galega, convírtese na referencia cultural e festiva na comarca.

Bóldos de madeira sen motor completamente artesanais, pezas únicas no mundo, que descenden por un circuito de case 3km de percorrido, ao que acoden máis de 40.000 persoas durante a fin de semana.

Un evento no que se fusionan tradición, artesanía, cultura e velocidade dun xeito singular, acadando gran repercusión e afluencia de público, logrando no ano 2000, a distinción de Festa de Interese Turístico de Galicia.

Trátase dun encontro colectivo ao redor da carrilana, interxeracional e familiar, no que toda a programación é #DeBalde.

Artesanía, festival de música, acampada gratuíta, degustacións gastronómicas, poesía, exposicións...nun entorno de praia ideal para unha fin de semana en familia.

No ano 2008, esta directiva toma o relevo xeracional na organización do evento, tentando introducir ano tras ano novidades, co obxectivo de facer accesible o mundo carrilaneiro ao maior número de persoas posibles.

En 2020, celebrarase a XXXIII edición ininterrumpida desta festa no que pretendemos poder realizar este ambicioso proxecto como é o de “Sentir a Carrilana”



Cartel do ano 2019, deseño de *Luis Davila*.

Categorías de Carrilanas

O Gran Prix de Carrilanas divídese en tres categorías:

CARRILANAS LENTAS:

Categoría na que participan as carrilanas de exposición. Aquí non prima a velocidade, senón a diversión tanto do público como dos propios participantes. Compiten disfraces, as máis orixinais, as máis elaboradas e o espectáculo. Reflexa a cara máis lúdica, tradicional e festiva do evento.

CARRILANAS RÁPIDAS:

Esta é a proba raíña de velocidade, a categoría máis espectacular. Os 20 primeiros clasificados da Pole Position, dispútanse o trunfo na proba de velocidade máis intensa de Galicia. Compiten tanto homes como mulleres, aínda que estas últimas reciben un premio por categoría propia.

CARRILANAS INFANTÍS:

Nesta categoría iría enmarcado o proxecto de “**Sentir a Carrilana**”.

Destinada aos participantes menores de 18 anos, ben sexa en carrilanas dun ou mais pilotos. Poden ser pilotadas polas propias nenas e nenos, ou participar tamén acompañados de maiores. É o formato ideal para iniciarse nas carrilanas, en familia.

Espazo Infantil

Dende a asociación colaboramos con todas as actividades promovidas polo colexio Ricardo Tobío de Esteiro, a AMPA do centro, a Biblio Infantil de Esteiro e as entidades deportivas.

Charlas, obradoiros, formacións, espectáculos culturais...

Unha tarefa que consideramos básica para o presente e o futuro da riqueza cultural e humana do Gran Prix de Carrilanas.



ACTUACIÓN CÉ ORQUESTRA PANTASMA

Espazo Infantil



-Obradoiros de traballo con barro e obradoiros de Radio.



-Contacontos, charlas de formación sobre carrilanas, fomento da música tradicional.



Desenrolo do proxecto.

1. PILOTOS

A idea deste proxecto, é que nenos e nenas con discapacidade visual poidan sentir as sensacións de participar nunha carreira de carrilanas. Para este fin, entendemos que a carrilana idónea é “O sidecar”.

PILOTO/A 1:

A carrilana será pilotada por unha **persoa de relevancia mediática** invitada pola organización. Noutros anos, participaron Xosé Olveira Pico, Miguel de Lira, Iván Ares ou Luis Zahera. A idea é a de convidar a persoas vinculadas ao mundo da cultura e o deporte.



Luis Zahera, 2019

PILOTO/A 2:

A carrilana terá dous volantes, un volante principal controlado polo piloto/a 1, e un volante secundario que xirará solidario co volante principal. Deste xeito, o neno ou nena, poderá ter a sensación real da dirección e ángulo de cada curva.

**COPILOTO/A:**

O terceiro integrante do equipo, será un familiar do neno ou nena co fin de que se sintan cómodos e confiados en todo momento.

2. COMPETICIÓN

NON existirá competición. Tan só será unha experiencia en carrilana, en ningún momento se plantexará a idea de competir ou de máxima velocidade. Todos os participantes da categoría infantil reciben premio por participar.

3. SEGURIDADE

As carrilanas deberán cumprir coa normativa do evento. Os pilotos deberán levar casco e roupa de protección adecuada. Os cascos dos pilotos, levarán interfonos cos que se poidan comunicar en todo momento, facilitados pola organización.



4. FABRICACIÓN DE CARRILANAS

Realizarase un **crowdfunding** cun obxectivo de **6.000 €** para a fabricación de 4 carrilanas estilo sidecar.

Este orzamento unicamente será destinado a custes de material, pois a fabricación, será realizada pola directiva e os voluntarios do evento.

Esta, é unha das características fundamentais do evento, financiación colectiva sen ánimo de lucro e voluntariado, motivo polo cal debe ser a premisa tamén deste proxecto.

5. ORZAMENTO

O proxecto terá un orzamento estimado de 10.000€ divididos nas seguintes partidas:

Partida 1: Fabricación de Carrilanas : 6.000€

Partida 2: Imprenta: 2.000€

Partida 3: Difusión e pilotos invitados: 2.000€

6. COLABORACIÓN ONCE

A colaboración da ONCE será fundamental, pois carecemos da formación profesional adecuada para a atención destes nenos e nenas con discapacidade visual. A entidade deberá propoñer que familias estarían dispostas a participar no proxecto, dar soporte profesional e colaborar nas tarefas de difusión e comunicación.

Por suposto, estaremos encantados de recibir as súas propostas en cada parte do proxecto, co fin de poder chegar a un acordo de colaboración que permita a viabilidade do mesmo.

Sen máis, agardamos a súa resposta para poder desenrolar máis esta idea.

Grazas pola atención.

CONTACTO:

WWW.CARRILANASESTEIRO.GAL

-Álvaro Creo

alvaro@carrilanasesteiro.com

telf: 626 33 92 00

-Miguel Amigo

miguel@carrilanasesteiro.com

telf: 664 71 53 08